

Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LALÍN****Subvencións e axudas*****BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS
DA LVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN******BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS DA
LVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN***

Expediente: 47/2026

O concurso de carrozas da Feira do Cocido de Lalín ten como obxectivo fomentar a creatividade, a participación cidadá e a promoción da cultura e as tradicións.

Con este desfile de carrozas búscase resaltar a importancia cultural e turística do Cocido de Lalín, incentivando aos participantes a expresar a súa visión artística e creativa mediante a elaboración de carrozas.

Esta subvención rexerase polo establecido na presente convocatoria, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado polo Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo, na Lei 29/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso, sexan de aplicación e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O procedemento para a concesión desta subvención será en réxime de concorrência competitiva, mediante a comparación das carrozas que desfilarán o día da Feira do Cocido de Lalín, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando co límite fixado na base quinta, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos criterios da base sétima.

O gasto destinado a premios ascende a 5.300 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0.338.48100.01 do Orzamento prorrogado do Concello de Lalín para o exercicio 2026.

Estas bases estarán a disposición dos interesados nas oficinas xerais do Concello de Lalín e na páxina web: www.lalin.gal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EFC459ELP7ZQ3HMD



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

*BASES***Primeira. Obxecto e finalidade**

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos que regularán a concesión dos PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS DA LVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN, que se celebrará o día 8 de febreiro de 2026.

O concurso ten como finalidade potenciar o traballo en equipo e o esforzo colectivo entre a veciñanza, asociacións e outros participantes. Tamén busca enriquecer a Feira do Cocido mediante expresións artísticas que representen temas relacionados co cocido, a gastronomía, a cultura galega e a historia de Lalín e súa Comarca. Ademais, pretende atraer visitantes para consolidar Lalín como referente cultural e turístico, dinamizando a economía local, ao tempo que promove a identidade e os valores da comunidade, destacando o orgullo polas tradicións e fomentando a súa transmisión ás novas xeracións.

Segunda. Beneficiarios

Poderán formar parte destes premios todos os colectivos, agrupacións, asociacións cidadáns, formalmente constituídas, persoas individuais, etc., do municipio de Lalín, que así o desexen e que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases a criterio do xurado.

En ningún caso, poderán adquirir a condición de beneficiarios/as os que se atopen en calquera das circunstancias recollidas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2027, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Terceira. Requisitos

A efectos de aplicación destas bases, consideraranse carrozas aquelas estruturas ou plataformas que, no seu conxunto, teñan unha estrutura adecuada a criterio do xurado.

Todas as carrozas participantes deberán ser construídas no termo municipal de Lalín, polo tanto, non se permite o alugueiro de carrozas ou estruturas de fóra do Concello o que se comprobará con visitas de inspección de persoal do Concello.

As/os beneficiarios/as deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

Asemade, deberán presentar, xunto coa inscrición, a declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Ley de Subvencións. Anexo I das bases.



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

Cuarta. Solicitudes, prazo lugar e forma de presentación

A inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, na súa Sede Electrónica (<https://lalin.sedelectronica.gal/info.0>) mediante unha Instancia Xeral e nos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A orde de apuntamento será a de entrada da solicitude no rexistro do Concello, ata un máximo de SEIS carrozas.

O prazo de inscrición será dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destes premios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións, ata o 4 de febreiro coa entrega da seguinte documentación:

- Solicitude de inscrición. Anexo I
- NIF da asociación (se é o caso)
- Fotocopia do DNI da persoa representante
- Fotocopia do recibo, en vigor, da póliza de seguro do vehículo que participa como carroza
- Fotocopia do carné de conducir do/a condutor/a do vehículo
- Certificado bancario do solicitante expedido pola entidade bancaria

Quinta. Concesión e premios

Os premios, por importe total de 5.300,00 euros, convócanse con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0.338.48100.01 do Orzamento prorrogado do Concello de Lalín para o exercicio 2026.

Os premios subdivídense nas seguintes modalidades coa súa correspondente dotación económica:

Primeiro: 2.000 €

Segundo: 1.500 €

Terceiro: 1.000 €

Cuarto: 500 €

Quinto: 300 €

Sexta. Forma de pago

O pago dos premios aprobarase mediante acordo da Xunta de Goberno e reflectirán o fallo do xurado.

Antes de proceder ao pagamento, os/as premiados/as deberán presentar no Rexistro do Concello de Lalín, certificación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EFC459ELP7ZQ3HMD



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

de Galicia. O Concello comprobará de oficio, que os/as premiados/as se atopan ao corrente de pago coas obrigas tributarias coa propia entidade.

Non podendo realizar o pago do premio en tanto os/as premiados/as ás que se lle concedeu, non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia estatal de Administración Tributaria e fronte a Seguridade Social o de calquera outro ingreso de dereito público, ou teña ditado contra os mesmos, resolución de procedencia de reintegro, mentres non se satisfaga ou se garanta a débeda do xeito previsto na normativa.

O abono dos premios farase efectivo polo importe íntegro, unha vez deducida a carga tributaria correspondente.

Sétima. Procedemento de concesión e criterios de valoración

A concesión dos premios ao amparo destas bases reguladoras farase conforme aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; mediante a comparación das carrozas presentadas.

O procedemento de concesión de premios será mediante concorrência competitiva e iniciárase de oficio coa convocatoria pública aprobada polo órgano competente, que será a Xunta de Goberno Local, e publicado o extracto no BOP de acordo co establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a concesión destes premios, o xurado puntuará as carrozas tendo en conta os seguintes criterios:

1. O tema da carroza deberá inspirarse na esencia da comarca de Deza, reflectindo a súa idiosincrasia a través da etnografía, tradicións, oficios, iconas e riqueza cultural; sempre en harmonía coa celebración da Feira do Cocido.
2. Valorarase positivamente o emprego de materiais reciclados e sostibles, así como a incorporación de prácticas respectuosas co medio ambiente tanto na elección dos materiais como no proceso de construción da carroza. As propostas deberán ser, ademais, coherentes co espírito da festividade, evitando proxectos que non se axusten ao contexto da celebración ou que carezan de sentido dentro da mesma.
3. A orixinalidade da idea, asegurándose de que a carroza sexa innovadora e única, sen repetir, na medida do posible, propostas vistas en edicións anteriores.
4. A calidade da execución, tendo en conta o traballo e o esforzo dedicados á construción da carroza, así como a implicación e actitude das persoas participantes, sen priorizar a magnitude da obra, senón a atención aos detalles e a dedicación no proceso.



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

Oitava. Instrucións do procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento corresponderalle ao técnico/a municipal designado a tal efecto e comprenderá a realización de oficio de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe formularse proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán:
 - Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan os premios, de acordo co establecido na convocatoria.
 - Emitir informe no que conste que, a información que obra no seu poder, se desprende que os/as solicitantes propostos/as como premiados/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder as mesmas.
 - Formular proposta de resolución á vista da acta do xurado.

2. Xurado

O Xurado estará composto por persoal do sector da prensa, da radio e persoas de recoñecido prestixio do ámbito cultural local, nomeados polo Concello de Lalín.

Os membros do xurado non poderán, en ningún caso, participar neste concurso.

O fallo do xurado será inapelable.

O Xurado poderá declarar desertos os premios que estime convenientes en función da calidade, e deixar fóra de concurso aquelas carrozas que non están inscritas de acordo coas presentes bases.

O xurado reunirse durante a celebración do desfile e, unha vez rematado, emitirá o fallo que se dará a coñecer publicamente.

Novena. Realización do desfile

As carrozas deberán estar o día 8 de febreiro na rúa de saída ás 11:00 h, para saír ás 13.00 h aproximadamente, dende o cruce da avda. Bos Aires entronque coa avda. Luís González Taboada, pasando polas rúas Joaquín Loriga e Principal e rematando no cruce da Fonte dos Cabalos.

A Organización poderá retirar, en calquera momento, as carrozas que durante o traxecto, observen comportamentos inadecuados no cumprimento das normas.

Estas condicións mínimas, son:

- Non molestar con sons estridentes ao resto de carrozas participantes e o público en xeral.
- Non parar o vehículo, nin efectuar cambios bruscos na súa marcha durante o desfile, xa que, iso podería interromper toda a organización e ocasionar riscos de seguridade, tanto para os viandantes, como para os ocupantes da carroza.
- Non exceder con obxectos ou adornos o espazo material da carroza.



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

- Non levar a cabo actos que poidan resultar de mal gusto e/ou irrespectuosos e todo aquilo, que dalgún xeito, poida impedir o desenvolvemento normal do concurso de carrozas.

Décima. Modificación

O Concello de Lalín resérvase o dereito de modificar parcial ou totalmente as presentes Bases.

Undécima. Resolución

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, previo informe da Intervención municipal, resolverá a aprobación dos premios. A resolución será motivada, e conterá os/as solicitantes aos que se concedan os premios, con indicación do nome da carroza e da contía do premio. Indicarase a puntuación outorgada a cada unha das carrozas que desfilen, en función dos criterios de valoración establecidos nas bases. Tamén se recollerá na resolución se o xurado declara deserto algún dos premios.

As notificacións levaranse a cabo de acordo ao establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución da concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Duodécima. Reintegro do premio e réxime sancionador

Procederá a revogación do premio, e no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas, coa esixencia do interese de demora correspondentes desde o momento do pago ata a data en que se reintegren voluntariamente os fondos percibidos ou se acorde polo órgano competente a procedencia do reintegro, cando concorran calquera das causas de reintegro tipificadas na normativa vixente, e especialmente as dos supostos en que se incumpran as condicións do artigo terceiro da convocatoria.

Os/as beneficiarios/as dos premios quedarán, en todo caso, sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceira. Protección de datos

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EFC459ELP7ZQ3HMD



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

Responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes: Concello de Lalín.

Finalidade: a da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión dos premios obxecto de estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento.

Destinatarios: poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán cederse en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

Lexitimación: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local .

Dereitos: As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como, opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro-Concello de Lalín-. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd@lalin.gal

Disposición adicional única

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento prorrogado do Concello de Lalín para o exercicio 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Disposición final única

O feito de participar no concurso significa a aceptación das presentes bases, cuxa interpretación última lle corresponde ao xurado.

Lalín, data da sinatura dixital
O Concelleiro Delegado de Festas,
José Cuñarro Torres

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EFC459ELP7ZQ3HMD



Martes, 27 de xaneiro de 2026

Núm. 17

ANEXO I

FOLLA DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE CARROZAS DA LVIIIª FEIRA DO COCIDO DE
LALÍN

Solicito a inscrición no CONCURSO DE CARROZAS da LVIIIª Feira do Cocido de Lalín.

Datos do representante da entidade ou asociación:	
Nome da asociación:	
NIF:	
Nome e apelidos da persoa representante:	
NIF:	
Enderezo:	
Localidade:	
Teléfono(s) de contacto:	
Enderezo electrónico:	
Nome da carroza:	
Lugar de procedencia:	
Número de compoñentes da asociación ou entidade:	
Características da carroza:	

DECLARO:

- Que a persoa física solicitante, entidade ou asociación á que represento non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas ou subvencións da Administración pública.
- Que a persoa física solicitante, entidade ou asociación á que represento está o corrente nas súas obrigas tributarias coa Administración Pública e ó corrente coa Seguridade Social.
- Que a entidade ou asociación á que represento comprométese a cumprir as Bases reguladoras do concurso.
- Que se aporta certificado de conta bancaria da que é titular a asociación ou entidade.
- Que en caso de tratarse de entidade sen personalidade xurídica, acompaño relación dos membros da entidade con nome e apelidos e número de DNI.
- Que fun informado/a de que o Concello de Lalín vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

O/a que asina é coñecedor/a e acepta as Bases que rexen este concurso organizado polo Concello de Lalín.

Lalín, ____ de _____ de 2026

Sinatura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EFC459ELP7ZQ3HMD

